

BOLETÍN

afaesferrol@mundo-r.com

www.feafesportanova.org



VERÁN

Nº 11

CONTIDOS

- Cambio de nome da entidade
- Centro de rehabilitación psicosocial e laboral Porta Nova
- ¿Cómo se fai?. Proceso de fabricación de móvil para cuna.
- Actividadsades ralizadas nos últimos meses



CAMBIO DE NOME DA ENTIDADE

A Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental súmase á tendencia marcada pola Confederación de Saúde Mental España e Saúde Mental Feafes Galicia de remarcar a positividade da nosa misión: A defensa da Saúde Mental en todos os ámbitos (social, educativo, sanitario, legal, etc). Por este motivo estamos realizando os trámites de cambio de nome da entidade que en breve substituirá ao actual e mantendo nosa demarcación territorial no ámbito do área sanitaria, pasaremos a denominarnos: **Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal**. O cambio de denominación foi aprobado na reunión extraordinaria da Asemblea de Socios o sábado 2 de xullo.

A nosa entidade pasará a chamarse Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal.

CENTRO DE REABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL PORTA NOVA

AFAES Porta Nova dispón de dous Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral (CRPL); o primeiro deles foi inaugurado en 1997 en Narón (cambiando a súa ubicación actual no mesmo municipio en 2006) e ten capacidade para 55 persoas usuarias; o segundo CRPL está situado no municipio de Cerdido desde 2010 e conta con capacidade para 15 persoas usuarias. Ambos CRPL teñen concerto de prazas co Servizo Galego de Saúde.

Os CRPL prestan unha atención diurna, globalizadora e interdisciplinar, dirixida ás persoas con trastornos mentais persistentes e aos seus familiares, coa finalidade da rehabilitación e integración social de persoas usuarias. A regulación dos CRPL en Galicia queda recollida na ORDE de 23 de outubro de 1998 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais (DOG nº 212, 2/11/1998).

A súa organización e funcionamento baséase nos principios de igualdade, normalización, rehabilitación, integración e participación de cada persoa usuaria.

O CRPL orienta os seus recursos e actividades ás persoas adultas que teñen unha enfermidade mental crónica en situación de estabilidade clínica, que non requiren dunha atención máis especializada para o control dos seus síntomas e tratamento farmacolóxico que deba prestarse nun centro sanitario especializado (sexa Hospital de Día ou Unidade de Internamiento de Saúde Mental). As funcións xerais dos CRPL e dos pisos protexidos (como unidades de apoio comunitario) son:

- O mantemento no contorno comunitaria das persoas con enfermidades mentais crónicas, promoviendo e apoiando a súa integración psicossocial.

- Mellorar o funcionamento psicossocial da persoa usuaria, posibilitando a maior autonomía e independencia posible.

- O apoio aos seus familiares, favorecendo as súas capacidades e recursos de adaptación á enfermidade, e promoviendo unha mellora na súa calidade de vida.

- A prestación de servizos de rehabilitación psicossocial, podendo estar conectados con outros recursos que os realicen.

Os obxectivos dos CRPL son:

- Garantir unha atención integral e personalizada a todas e cada unha de acódelas usuarias.

- Facilitar o desenvolvemento persoal, aproveitando as súas capacidades e potencialidades.

- A prevención de recaídas.

- A psicoeducación de persoa usuaria.

- Procurar o equilibrio emocional e afectivo.

- Proporcionar un entorno saudable que promueva o benestar e estabilidade.

- Apoiar ás familias

- Adestrar para a adquisición de habilidades esenciais no ámbito das rutinas básicas que posibiliten o desempeño dunha actividade laboral.

¿CÓMO SE FAI?. PROCESO DE FABRICACIÓN DE MÓVIL PARA BERCE

O nosa monitora de manualidades Raquel, vains ensinar paso a paso o proceso de fabricación dun móbil para berce.

Pasos:

Paso 1. Usando pranchas de feltro de diferentes cores vanse recortando as diferentes partes das figuras que se van a realizar.



Paso 2. Unha vez recortadas todas as pezas péganse e cosen. Logo rechéanse con algodón para darlles volume.



Paso 3. A continuación se les cose e pega un fío que será ao que vai suxeito.



Paso 4. Finalmente cólganse as diferentes figuriñas no móbil.



!!! **Traballo rematado!!!**

ACTIVIDADES REALIZADAS NOS ÚLTIMOS MESES.

Visita Acuarium e Domus

O pasado 28 de Abril disfrutamos dunha entretida visita ao Aquarium da Coruña e á Domus.

Casa respiro Sanxenxo

Estos meses disfrutamos de dúas estancias na casa de respiro de Sanxenxo. Unha estancia curta en Abril (do 8 ao 10) e outra máis longa en Xuño (do 8 ao 11).



Viaxe a Portugal

Catro usuarios e un monitor de AFAES Porta Nova participaron nunha viaxe organizada por FEAFES Galicia do pasado 23 ó 26 de maio con destino ao Norte de Portugal. Compartimos esta experiencia cun grupo formado por unhas 70 persoas. Durante estos días poidemos disfrutar dos fermosos paisaxes desta zona visitando entre outras as seguintes cidades e pobos: O Porto, Vila Real, Guimaraes, Povia de Varzim, Espinho e Braga. Quedámonos con ganas de máis, así que destino apuntado para repetir!!!

San Xoa

O pasado 23 de xuño celebramos a nosa festa tradicional de San Xoa na finca dos Vicás. Xuntámonos coas familias nunha xornada campestre que sen dúbida repetiremos para o ano que ven.

Charla sobre o chan pélvico

O pasado 30 de xuño tivemos o pracer de recibir a visita da fisioterapeuta Sara Igrexas especialista en chan pélvico. Veu a darnos unha charla moi interesante sobre que é o chan pélvico, onde está situado, cales son as súas funcións e que problemáticas pódense xerar tanto en mulleres como en homes, así como algúns consellos para coidalo.

Partido ASPANEPS-AFAES

O pasado 29 de Xuño disfrutamos dunha xornada deportiva no pabellón da Gándara. Usuarios de AFAES botaron un partido contra usuarios de ASPANEPS. A mañá rematou cuns pinchos que compartiron tódolos usuarios.

Final fútbol

O pasado 2 de Xullo celebrouse en Santiago a final de fútbol-sala organizada por FEAFES Galicia, á que por suposto acudimos para animar aos equipos participantes.

Saídas de ocio de verán

E como non pode ser doutro xeito, hai que aproveitar o bo tempo e saír a tomar o aire.



CRPL NARÓN
Rúa Río Sil, 1-3, Baixo (Piñeiros)
15570 Narón
Tfno.: 981388992 Fax: 981393018
E-mail: afaesferrol@mundo-r.com
Web: feafesportanova.org

CRPL CERDIDO
Escola da Avispeira, lugar de Porto
s/n, 15569, Cerdido

CENTRO OCUPACIONAL
Rúa Río Sil, 2-4, Baixo (Piñeiros)
15570 Narón

